

Actividades de Verán 2018 na Rede Municipal de Bibliotecas de Arteixo



Organizadas pola Concellería de Cultura coas Bibliotecas de Arteixo, este verán haberá unha quenda na Biblioteca de Meicende a engadir ás da Biblioteca Central. Entre 4 e 11 anos (cumpridos no momento das actividades), prazas por **sorteo** (o vindeiro **martes 26 de xuño**, ás **11.30 h.**) e rapazada asociada no momento da preinscrición.

Consultas e aclaracións en horario de atención ao público nos teléfonos **981 659108** (Central), **981 274027** (Meicende) e no correo **biblioteca@arteixo.org**

Quenda 1: Chegan os romanos! 30 prazas en Arteixo, 25 en Meicende.



Do 2 ao 13 de xullo nas Biblioteca Central de Arteixo e na Biblioteca de Meicende.

(10 días) Romanas e romanos chegadas de lonxanas terras... están de visita! Os ludi romanos, o gran evento da Roma Antiga, celebranse en Arteixo e Meicende! Descubre a vida en Roma!

Saída: Área recreativa de O Seixedo (Arteixo).

Quenda 2: Pequenos astronautas. 30 prazas.

Do 16 ao 31 de xullo na Biblioteca Central "Henrique Rabuñal" de Arteixo.

(9 días, agás os 25 e 26 de xullo). Unha aventura contrarreloxo a bordo dunha peculiar nave espacial que lévanos a descubrir planetas, satélites, astros e estrelas. Convértete en astronauta!



Saída: Casa das Ciencias + Inef Galicia / Praia de Bastiagueiro (Oleiros).

Para máis información consultade co persoal das bibliotecas.